

RESPOSTAS Ó TRABALLO SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO A PARTIR DO VÍDEO “NON ME IMPORTA O CC”

1. Contesta:

1. Cal é a diferenza entre TEMPO meteorolóxico e CLIMA?

El clima se refire ao patrón atmosférico dun sitio durante un período extenso de tempo, o suficientemente largo para poder crear promedios. O tempo atmosférico se refire ao estado da atmosfera en períodos cortos de tempo e permite predicir fenómenos atmosféricos como a chuvia, sarabia ou neve.

2. Nomea todos os gases de efecto invernadoiro e indica a súa orixe.

Os gases que provocan o efecto invernadoiro son o **Dióxido de Carbono (CO₂)**, xerado principalmente nas combustións de combustibles fósiles; o **vapor de auga**, xerada da evaporación da auga; o **metano (CH₄)**, xerado principalmente por fermentacións bacterianas de materia orgánica; os **óxidos de nitróxeno (NO_x)**, xerados principalmente en combustións e polo uso de fertilizantes nitroxenados na agricultura e os **clorofluorcarbonados (CFC)** xerados usados nos sistemas de refrixeración e nos aerosoles.

3. Cal é a unidade de medida dos niveis de CO₂?

O volume de CO₂ expresase PPM, Partes por Millón, que expresa la cantidade de moléculas de CO₂ presentes nun millón de moléculas do aire.

4. Cal era a Tª media no planeta ao comezo da revolución industrial? Cal sería de non existir o efecto invernadoiro natural? Cal é agora (2019) a estimación da Tª media?

A temperatura global media no 1880, dez anos despois do comezo da segunda revolución industrial, é de 13,7°C e no 2014 ronda os 14,8°C. De non existir o efecto invernadoiro a temperatura media global sería duns -18°C o que dificultaría a vida na terra.

2. CONTESTA:

1. Que entendemos por NEGACIONISMO. Que intereses pode haber detrás deles? Busca as cuantías dos subsidios aos combustibles fósiles e as enerxías renovables. Que opinas?

O negacionismo é a actitude intrínseca ao ser humano de negar unha situación que lle é desfavorable. Neste contexto refírese o feito de negar a realidade do Cambio Climático. Si se nega problemas que requiren solucións custosas no haberá que tomar medidas ao respecto, se todo o mundo nega o Cambio Climático non haberá que cambiar o tipo de enerxía que se utiliza nin restrinxir produción de gases de efecto invernadoiro. O feito de que os combustibles fósiles reciben mais do dobre de subsidios que as enerxías renovables demostra o pouco compromiso dos gobernos co cambio climático e a pouca presión que reciben da poboación concienciada respecto ao Cambio Climático.

2. Contra-argumenta os negacionistas:

• NON HAI DATOS FIABLES

A comunidade científica leva anos tendo o Cambio Climático no punto de mira como principal perigo a nivel mundial. Nestes anos publicáronse centos de estudos do clima e o posible cambio do mesmo. Por exemplo o IPCC (Panel Intergubernamental del Cambio Climático) é un grupo de científicos de diferentes nación que revisa e publica estudos con datos contrastables sobre diferentes aspectos del clima global.

• CLIMA SE QUENTA E ENFRÍA DE MANEIRA NATURAL, CÍCLICA

O calentamento e enfriamento do clima é un proceso natural e cíclico do planeta, pero a actividade humana agrava e acelera este proceso o que pon en perigo o equilibrio do clima global, que de romperse suporía unha serie de catástrofes naturais e perda de biodiversidade entre outras cousas.

• A COMUNIDADE CIENTÍFICA NON SE PON DE ACORDO

Os diferentes estudos sobre o Cambio Climático son contundentes e deixan pouco espazo para o desacordo.

- OS CIENTÍFICOS NON SE POÑEN DE ACORDO EN QUE É A ACTIVIDADE HUMANA A RESPONSABLE DO CAMBIO CLIMÁTICO
Diferentes estudos sobre o acordo científico de que a actividade humana repercute no Cambio Climático mostraron un alístante resultado de máis dun 90% da comunidade a favor.

3. INVESTIGA:

1. Como poden saber a partir do estudio do xeo da Antártida a Tª que houbo noutras épocas?

*Os científicos comprobaban nas bolsas de aire (de atm do pasado) atrapadas no xeo da Antártida os **niveis dos gases de efecto invernadoiro** e as **cantidades relativas dos isótopos de Osíxeno (O18/O16)**. A maior Tª ambiental = maior evaporación = e polo tanto maior cantidade relativa do isótopo pesado (O18) . Atoparon unha relación inequívoca entre elevados niveis de CO2 no pasado e elevación das Tª.*

2. Que é o IPCC? Cando se creou? Quen o constitúe? Como é o seu método de traballo?

*O IPCC é un organismo da ONU creado en 1988 entre diferentes nacións do mundo que aportan científicos que **revisan estudos publicados sobre o Cambio Climático e publican informes con predicións do Cambio Climático cara ao futuro.***

3. Que proposta se fixo no 2013 en EEUU que relacionaba os furacáns cos políticos que se opoñían o cambio climático? Cal e o motivo desa relación furacáns-políticos?

*No 2013 unha organización defensora do medio ambiente de EEUU fixo unha proposta para **chamar aos furacáns cos nomes dos políticos contrarios ao Cambio Climático** e negacionistas. A proposta resulta irónica posto que o Cambio Climático aumenta a potencia e frecuencia dos furacáns e os políticos que non apoian o control do Cambio Climático ou o negan están favorecendo a estes, polo cal debería darse o seu nome a estes.*

4. Que entendemos por Antropoceno? Cales son as súas dúas principais causas?

*O Antropoceno é unha **nova época xeolóxica proposta pola comunidade científica para suceder ou remprazar ao Holoceno** vixente. Este cambio de época xeolóxica vería xustificado polos significativos efectos negativos que a actividade humana ten sobre os ecosistemas terrestres.*

5. Que entendemos por Sumidero de carbono?

*Un sumidero de carbono é un **deposito, natural ou artificial, que absorbe CO2 da atmosfera** e axuda a reducir a reducir o CO2 do aire. O mar e os bosque son sumideiros de carbono naturais.*

6. Cales foron os obxectivos do Acordo de París do 2015?

*O obxectivo principal do Acordo de París 2015 é **manter o aumento da temperatura por debaixo dos 2°C respecto aos niveis preindustriais**. Como medidas extra tamén pretende protexer os ecosistemas en perigo polo Cambio Climático, reducir a vulnerabilidade das sociedades ao mesmo, comunicar cada cinco anos os progresos de cada país do acordo e, para os países maiores, o acordo exige mostrar liderazgo e prover apoio financeiro a países en desenvolto.*

4. RELACIONA:

1. Explica a relación entre os COMBUSTIBLES FÓSILES (CAMBIO CLIMÁTICO) e:

i. Crise da auga e crise dos alimentos

O Cambio Climático e o aumento das temperaturas empeorará a produción agraria e aumentará o prezo e dispoñibilidade dos alimentos levando a unha crise alimentaria. O Cambio Climático tamén

reducirá as precipitacións e aumentará os niveis de evaporación da auga, causando un aumento das sequías e crise da auga.

ii. Crise dos refuxiados

O aumento do nivel do mar causado pola fundición do xeo dos polos debido ao aumento da temperatura cubrirá zonas de poboación cercanas ao mar creando millóns de refuxiados sen fogar e as diversas crises causarán emigración de países menos desenvolvidos cara países que podan asumir esta crises.

iii. Perda de biodiversidade

As sequías, aumento do nivel do mar, fenómenos meteorolóxicos extremos, incendios e outros que se ven agravados polo cambio climático, causarán unha perda de ecosistemas e especies, en xeral de biodiversidade, sen precedentes.

iv. Inicio dalgunhas guerras

A falta de recursos e diversas crises causarán guerra entre nación polo control destes. Similar a como ocorre co petróleo desataranse guerras por alimento, auga ou outros recursos.

2. Explica a relación entre o uso de ENERXÍAS RENOVABLES e:

i. Niveis de CO2

A maioría de enerxías renovables non son baseadas nas combustións como as enerxías fósiles e o seu uso reduciría enormemente a produción do CO2 da queima destes combustibles fósiles.

ii. O prezo da enerxía

Ao ser enerxías inesgotables e renovables non hai perigo da súa escaseza e aumento de prezo.

iii. O risco de guerras

Ao seren enerxías renovables, de novo, non haberá escaseza e os gobernos non terán que competir polo control das mesmas.

iv. Crise da auga e alimentos

As enerxías renovables reducen a produción de CO2, coa redución de CO2 redúcese o efecto invernadoiro e o aumento da temperatura. Coa redución da temperatura o planeta non sufrira cambios relevantes, manterase nuns niveis estables e evitará as crises de alimentos e auga.

v. Crise de refuxiados

As enerxías renovables reducen a produción de CO2, coa redución de CO2 redúcese o efecto invernadoiro e o aumento da temperatura. Desta forma evítanse as crises que poderían levar a un aumento de